



Concello do Porriño

DONA EVA GARCÍA DE LA TORRE, ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DO PORRIÑO, (PONTEVEDRA).

EXPTE: 5755/2018

Tendo en conta que o Tribunal do proceso de selección para a cobertura, en réxime de interinidade, catro (4) prazas vacantes de auxiliar administrativo, encadradas dentro do persoal funcionario de carreira, escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2, ao teor do artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBE) e do artigo 23.2.a) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPGA), propuxo a esta Alcaldía:

Nomear funcionarios interinos con cargo ás catro prazas de auxiliar administrativo vacantes no cadro de persoal do Concello do Porriño do ano 2018, encadradas dentro do persoal funcionario de carreira na escala de administración xeral de auxiliar administrativo, enmarcadas na escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2, a:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1º	ÁLVAREZ MELÓN	ALBA	53173064P
2º	MUÑOZ FERRO	JAIME	76902542H
3º	RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	JUAN	76896387G
4º	SUEIRO TOURÓN	BLANCA	76901425M

As persoas propostas, dentro do prazo establecido ao efecto, presentaron a documentación á que se refire a Base 13 das que rexen o proceso selectivo (BOPPO 05/03/2019), que acredita que cumpren os requisitos esixidos para poder ser nomeados/as funcionarios/as interinos/as obxecto do proceso selectivo.

De conformidade coa proposta do Tribunal cualificador, coas bases que rexen o proceso de selección, co disposto no artigo 41.14. d) do RD 2568/1986, de 28 de novembro e demais normativa de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro.- NOMEAR FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS con cargo a catro prazas de auxiliar administrativo vacantes no cadro de persoal do Concello do Porriño do ano 2018, encadradas dentro do persoal funcionario de carreira, escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2, ás seguintes persoas propostas, adscribíndoas aos servizos e destinos que se indican:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	SERVIZO/DESTINO
1º	ÁLVAREZ MELÓN	ALBA	53173064P	INTERVENCIÓN
2º	MUÑOZ FERRO	JAIME	76902542H	SECRETARÍA/REXISTRO-CORREO
3º	RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	JUAN	76896387G	SECRETARÍA/REXISTRO-PADRÓN
4º	SUEIRO TOURÓN	BLANCA	76901425M	TESOURERÍA

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: AMWQCA6DLHRC2RC9ADPZ76CCF | Corrección: http://oporriño.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello do Porriño

Segundo.- Os/As funcionarios/as interinos/as nomeados/as para cubrir as citadas prazas interinamente cesarán, ademais de polas causas previstas no artigo 10 e 63 do TRLEBEP e 24 e 64 da LEPGA, ou por calquera outra causa de perda de relación de servizo previstas na normativa de aplicación aos empregados públicos, cando finalice a causa que deu lugar a seu nomeamento ou a praza sexa cuberta definitivamente ou sexa amortizada.

Terceiro.- Os efectos serán desde a toma de posesión que se sinala para o día **12-09-2019**.

Cuarto.- Serán afiliados/as e dados/as de alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social con data **12-09-2019**, en consecuencia, procederase a ingresar as correspondentes cotizacións polas continxencias correspondentes.

Quinto.- Notificar esta resolución os/ás interesados/as, pasar unha copia da mesma á Intervención e Tesourería deste Concello para os efectos procedentes.

Documento asinado dixitalmente na marxe.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: AMWQCA6DLHRC2RC9ADPZ76CCF | Corrección: <http://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2